

Xaneiro 2018

A CIG-Ensino reclama 256 vacantes de PT e AL a maiores das xa ofertadas no Concurso de Traslados de Mestres

Un estudo do sindicato destaca a existencia de centos de prazas das especialidades Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que se veñen dotando desde hai anos con profesorado provisional e que poden ser cubertas por profesorado definitivo.



Na Mesa Sectorial na que se negociou a orde de Concurso de Traslados (CXT) a CIG-Ensino fixo especial fincapé en que deberían saír a concurso, en todos os corpos e especialidades, todas e cada unha das prazas que a día de hoxe son necesarias para o funcionamento dun centro educativo.

Ao respecto do corpo de mestres, desde a CIG-Ensino trasladamos naquela Mesa a demanda de que se ofertasen un número importante de prazas de PT e AL que están funcionando desde hai anos nos centros de infantil, primaria, educación especial e secundaria, maioritariamente por riba do actual catálogo. A incorporación desas prazas implicaría cumprir coa literalidade do acordo de catálogos de 8 de xuño de 2007 asinado pola CIG-Ensino e as demais OO.SS. coa Consellaría de Educación e que di o seguinte:

“Naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidade educativa específica poderanse incrementar os catálogos en función do número e o tipo de necesidades, especialmente de PT e AL.

Asemade, nos centros educativos que non contan con PT e AL, a Administración Educativa adoptará as medidas oportunas para atender as necesidades que se presenten”.

É obvio que este incremento de vacantes implicaría un cambio na política de oferta de prazas destas especialidades por parte da Consellaría e como CIG-Ensino lembramos o compromiso expresado polos seus representantes de abrir a posibilidade de incrementar as prazas de PT e AL con máis profesorado definitivo.

O pasado 30 de novembro de 2017 a CIG-Ensino remitiulle á Subdirección Xeral de Centros e Recursos Humanos esta listaxe coa reclamación dun total de **256 prazas**, das que **110 son de PT** en centros de Infantil e de Primaria, **127**

son de AL neste mesmo tipo de centros e **19 son de PT** en IES. Entendemos que todas e cada unha delas cumpren os requisitos para seren incorporadas na oferta de prazas a adxudicar no presente CXT.

A súa incorporación redundaría nunha mellor atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), ao tempo que suporía que **todo o profesorado de PT (109) e AL (148) en expectativa de destino ou en prácticas poida obter destino definitivo**. Deste xeito acadaríase unha demanda que vemos moi positiva tanto desde a perspectiva laboral como educativa: a consolidación de cadros de persoal fixos, reducindo ao máximo a provisionalidade e rematando coas diferenzas no tempo de provisionalidade entre as diferentes especialidades do corpo de mestres.



Orientación educativa

Neste sentido, cómpre ter en conta que na adxudicación de destinos provisionais (CADP) do actual curso houbo **710 prazas de PT e AL** en centros de EI, EP e EE así como **90 de PT e AL** en IES. As vacantes que a CIG-Ensino

reclama que sexan incorporadas neste CXT supoñen, por tanto, só o **32% do total das vacantes cubertas con destino provisional** e responden a diferentes criterios e realidades contrastadas cos propios centros educativos e co profesorado afectado. Hai que ter

en conta que non incluímos nesta demanda aquelas prazas que terían carácter itinerante xa que non puideron ser pedidas con ese perfil no prazo de solicitudes do CXT, así como tampouco as vacantes de AL en IES que se manteñen desde hai anos por idéntico motivo.

Moitas destas prazas, como dicimos, implicarían, un incremento do Catálogo de Postos de Traballo mais non suporían un incremento do número total de profesorado, un tema de momento considerado tabú polo goberno do PP e que contou co aval de determinadas organizacións sindicais de ámbito estatal no

mal chamado Acordo de estabilidade do pasado ano.

NOTA: A relación completa de vacantes reclamadas pode consultarse na nosa web: www.cig-ensino.gal

Máis información en www.cig-ensino.gal

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rua Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal